



XESTUR

galicia

Corrección erro aritmético detectado na **páxina 20** do Prego de Condicións para adxudicación do contrato de obras de Explanación da Plataforma K-03 e execución do vial eixe 0 do Parque de Actividades económicas de Arteixo (ACTECA)

Onde dí:

Ampliación da garantía

Ata 10 puntos

Valorarase de forma proporcional ao número de meses ofertado de ampliación, ata un máximo de 24 meses. A ampliación que represente 24 meses sobre o prazo de garantía inicial obterá 3 puntos. O resto das ofertas valoraranse de acordo coas seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = AG_{I-24} \times 3/24$$

Sendo "AG" o prazo en meses de ampliación da garantía ata un máximo de 24 meses sobre a anual.

En realidade, debe dicir:

Ampliación da garantía

Ata 10 puntos

Valorarase de forma proporcional ao número de meses ofertado de ampliación, ata un máximo de 24 meses. A ampliación que represente 24 meses sobre o prazo de garantía inicial **obterá 10 puntos**. O resto das ofertas valoraranse de acordo coas seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = AG_{0-24} \times 10/24$$

Sendo "**AG₀₋₂₄**" o prazo en meses de ampliación da garantía ata un máximo de 24 meses sobre a anual.

En Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2017

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-
XESTUR, S.A.
Area Central Local 25Z – 1º Andar
Polígono As Fontiñas
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
Telf. 981 541 949 - Fax 981 541 985
E-mail: unidade.central@xesturgalicia.com

PREGO DE CONDICIÓN S PARA A ADXUDICACIÓN DO
CONTRATO DE OBRAS,
POR PROCEDUREM TO XERAL,
DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN:
EXPLANACIÓN DE PLATAFORMA K-03 E EXECUCIÓN DO
VIAL "EIXE 0"
PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO
(ACTECA- A CORUÑA).

PROCEDUREM TO: XERAL MULTICRITERIO
DOCUMENTALM ENTE SIMPLIFICADO

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A.
ABRIL 2017



CADRO DE CARACTERÍSTICAS

A.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Consello de Administración de Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A. Area Central, Local 25Z-1º Andar, Polígono As Fontiñas 15707 Santiago de Compostela (A Coruña). Tlf.: 981 541 949

B.- OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADES

Nº EXPEDIENTE	CONT-00222
OBXECTO DO CONTRATO	Obras de Explanación de Plataforma K-03 e execución do vial "Eixe 0" para acceso á obra do Parque de Actividades Económicas de Arteixo ACTECA (A Coruña) , redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Fernando López Bellón en abril de 2017 (colexiado nº 21787)
Artículo 67.2 la) RXLCAP (NACE)- (CPV) Código CPV	45112500-0 Traballos de movemento de terras.
Código CPA	43.12.12 Traballos de escavación e movemento de terras
Necesidade e idoneidade dos contratos (Instrución 4ª)	Cumprir cos obxectivos previstos nos Estatutos Sociais da entidade que ten como obxecto social realizar actividades dirixidas á promoción e xestión do solo empresarial, e por finalidade garantir a utilización do solo de acordo co interese xeral e dotar á Comunidade Autónoma de solo suficiente para a localización de industriais e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento socioeconómico e a promoción do emprego.

C.- PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN, TRAMITACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

A adjudicación realizarase a través do sistema de **procedemento aberto, non suxeito a regulación harmonizada con aplicación de varios criterios de adjudicación**, ao abeiro do previsto nas Instrucións 18ª a 30ª das Instrucións Internas de Contratación de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A., aprobadas polo Consello de Administración da compañía en data 18 de marzo de 2014 e publicadas no perfil do contratante da entidade en data 21.03.14, tendo sido informadas favorablemente pola Asesoría Xeral da Xunta de Galicia antes da súa aprobación.

A tramitación do procedemento será **ordinaria**

O prazo de presentación de proposición será o sinalado nos anuncios de licitación, e presentarase no **registro xeral de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.** (sito en Área Central, Local 25 Z-1º Andar, Polígono de Fontiñas, 15701, Santiago de Compostela), nas condicións previstas na cláusula 5 do presente prego.

D.- VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, IVE E TOTAL



	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	IVE	TOTAL
Execución das obras	3.724.338,93 €	Suposto de inversión suxeito pasivo de I.V.E.	3.724.338,93 €

VALOR ESTIMADO

3.724.338,93 €

E.- SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

Sistema de determinación do prezo de conformidade co disposto no artigo 88 do TRLCSP.

F.- CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

1. CLASIFICACIÓN

Grupo A Subgrupo 2 Categoría 4

Grupo G Subgrupo 4 Categoría 3

Ao esixirse clasificación, non será necesario acreditar os requisitos de solvencia establecidos no apartado 2.a). **En calquera caso, será necesario acreditar os criterios de solvencia técnica ou profesional, apartado 2.b), como concreción das condicións de solvencia segundo o artigo 64 do TRLCSP.**

2. SOLVENCIA

2.a) Solvencia económica e financeira

Probarase segundo o establecido no artigo 75.1 a) do TRLCSP:

- **Declaración sobre o volume anual de negocios** e, no seu caso, sobre o volume anual de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, que se acreditará por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil. Reputarase solvente o licitador que acredite ter un volume de negocio referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos anos concluídos igual ou superior ao orzamento base de licitación.

2.b) Solvencia técnica ou profesional

Probarase segundo o establecido no artigo 76.1 c) do TRLCSP:

- Indicarase a persoa que a empresa se compromete a ter como **XEFE DE OBRA**, con capacidade suficiente para representala en todo momento, e con titulación académica e profesional apropiada para as obras a executar: Enxeñeiro ou arquitecto. Indicarase documentación acreditativa da relación contractual entre a empresa e o xefe de obra. O dito facultativo deberá acreditar ter dirixido ou ter sido xefe de obra, de dúas obras de construción semellantes, cuxo certificado final de obra fora emitido nos últimos 10 anos, cada unha delas por un importe igual ou superior ao orzamento base de licitación. A acreditación dos servizos antes indicados deberá incluír un certificado do promotor das obras ou da empresa construtora, indicando que os traballos foron realizados á perfecta satisfacción do promotor. A titulación acreditarase axuntando copias compulsadas dos títulos orixinais, resgardos dos mesmos ou acreditación oficial de estar colexiado no colexio profesional correspondente.



A documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional deberá vir debidamente asinada polo representante da empresa, segundo o modelo anexo 2.

Especificación dos nomes e cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación. Art. 64.1 TRLCSP

SI	X
NO	

Compromiso de adicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais indicados. Art. 64.2 TRLCSP

SI	X
NO	

Carácter de obrigacións esenciais aos efectos previstos no art. 223.f):

SI	X
NO	

G.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS

Os criterios de valoración, así como a súa ponderación, con acordo aos cales se determinará a oferta mais vantaxosa, son os especificados nas cláusulas 5.3 e 5.4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

H.- GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe a súa constitución.

I.- GARANTÍA DEFINITIVA

De conformidade co establecido na Instrución 11ª, constituirase unha garantía definitiva por contía do **5%** do importe de adjudicación, excluído o IVE.

J.- PRAZOS DE EXECUCIÓN E GARANTÍA

PRAZO DE EXECUCIÓN	DE 4 MESES, que terá, en todo caso, carácter de prazo máximo. O prazo empezará a contarse desde a sinatura da acta de comprobación do reformulo, á que o adjudicatario deberá asistir en calidade de contratista das obras.
DE GARANTÍA	O prazo mínimo será de un (1) ano. O licitador poderá ofertar a súa ampliación ata un máximo de 24 meses, polo que a duración total do prazo de garantía poderá acadar os 36 meses.

K.- ABONOS AO CONTRATISTA: FORMA DE PAGO E FACTURACIÓN

Os pagos realizaranse, segundo o establecido no artigo 232 do TRLCSP, por certificacións mensuais.

O acceso ao Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (regulado na Orde de 12 de febreiro de 2010, DOG nº 31) e á información sobre o mesmo será a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> o <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

Nas facturas deberán constar os seguintes datos:

CIF: A70392758



RECEPTOR: Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A.
DESTINATARIO:
- Consellería/entidade: Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A.
- Órgano de contratación: Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A.
- Unidade de contratación: Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A.
CÓDIGO INTERNO SEF: 1768
OFICINA CONTABLE: A70392758
ÓRGANO XESTOR: A70392758
UNIDADE TRAMITADORA: A70392758
DIRECCIÓN DA UNIDADE TRAMITADORA: Área Central, Local 25Z, 1º Andar, 15707, Santiago de Compostela

L.- REVISIÓN DE PREZOS

NON PROCEDE

M.- ADMISIÓN DE VARIANTES

SI:

NON: X

N.- FACTOR DE PONDERACIÓN E DE TEMERIDADE A EFECTOS DA CLÁUSULA 5.3 DO PCAP

K= 1

Ñ.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR OS LICITADORES

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán as proposicións que constarán de dous sobres sinalados coas letras A (documentación administrativa), e B (documentación acreditativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas), nos termos establecidos na Cláusula 5.1 deste prego.

O.- ANUNCIO DE LICITACIÓN

O anuncio de licitación publicarase na plataforma de contratos de galicia e no perfil do contratante da entidade:

<http://www.xesturgalicia.com>

<http://www.contratosdegalicia.es>

P.- PERFIL DO CONTRATANTE

Forma de acceso ao perfil do contratante:

http://www.xesturgalicia.com/index.php?seccion=inicio&opcion=perfil_contratista



INDICE

PREGO DE CONDICIONS XURIDICAS.

- 1.- OBXECTO DO CONTRATO
- 2.- ORZAMENTO DO CONTRATO
- 3.- CONDICIÓNS PARA SER ADMITIDO Ó PROCEDEMENTO
- 4.- PRAZO DE EXECUCIÓN E GARANTÍAS
 - 4.1.- Prazo de execución do contrato
 - 4.2.- Garantías
- 5.- CONTIDO, PRESENTACIÓN E APERTURA DAS OFERTAS
 - 5.1.- Contido dos sobres
 - 5.2.- Apertura das ofertas
 - 5.3.- Factores a valorar
 - 5.4.- Valoración
 - 5.5.- Ofertas anormais ou desproporcionadas
- 6.- ADXUDICACIÓN E CONTRATACIÓN
 - 6.1.- Adxudicación
 - 6.2.- Trámites da adxudicación e contratación
- 7.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES
- 8.- RISCO E VENTURA
- 9.- SUSPENSIÓN DOS TRABALLOS
- 10.- CONTRATO TIPO
- 11.- CONCLUSIÓN DO CONTRATO
- 12.- CONDICIÓNS PARTICULARES

ANEXO I.- MODELO DECLARACION RESPONSABLE

ANEXO II.- MODELO ACREDITACION DA EXPERIENCIA ESIXIDA NA SOLVENCIA TÉCNICA

ANEXO III.- CARTA OFERTA TIPO

ANEXO IV.- MODELO CONTRATO

ANEXO V.- MODELO AVAL

PREGO DE CONDICIONS TECNICAS PARTICULARES.



PREGO DE CONDICIONS XURIDICAS.

Tipo de contrato. - Contrato de OBRA.

Poder adxudicador. - Contrato a celebrar por poder adxudicador que NON é administración pública (artigo 3.3.b do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, en diante TRLCSP).

Tipo de procedemento de licitación. - Contrato non suxeito a regulación harmonizada, utilizándose o procedemento xeral ou aberto, por ser o orzamento do contrato igual ou superior a 1.000.000 euros e inferior a 5.225.000 euros (Orde HAP/2846/2015), segundo as Instrucións internas de contratación de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A.

O presente prego será obxecto de publicación previa aos efectos da posibilidade de presentación de ofertas en concurrencia por calquera empresario interesado.

Natureza. - Contrato privado, de conformidade co artigo 20.1 TRLCSP. Non en tanto, de conformidade coa nova redacción do artigo 20.2 da TRLCSP, dada pola Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible, serán de aplicación a estes contratos as normas contidas no Título V do Libro I do TRLCSP, sobre modificación dos contratos.

Réxime xurídico. - En canto ao procedemento de contratación rexerese polo presente prego e as Instrucións Internas de Contratación de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., aprobadas polo Consello de Administración da compañía en data 18 de marzo de 2014 e publicadas no perfil do contrante da entidade en data 21.03.14, tendo sido informadas favorablemente pola Asesoría Xeral da Xunta de Galicia antes da súa aprobación; e en canto aos seus efectos e extinción, polo dereito privado, e sen que lle sexan de aplicación as específicas normas do TRLCSP, agás nos casos de remisión expresa á mesma ou nos casos en que a devandita norma fose aplicable con carácter obligatorio ou supletorio.

Revestirán carácter contractual o presente prego, o proxecto técnico e a proposta do adxudicatario.

Entidade contratante.- Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A., é unha sociedade mercantil pública autonómica, adscrita á Consellería con competencia en xestión e desenvolvemento de solo residencial e empresarial e tutelada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, que ten consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan a consideración de medios propios, e con enderezo social en Área Central, local 25 Z, Polígono As Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela e CIF A-70392758.

Órgano de contratación.- O órgano de contratación é o Consello de Administración de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. tendo a facultade para adxudicar o correspondente contrato, e, en consecuencia, ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar os contratos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.



1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O presente prego ten por obxecto a contratación da execución da obra que se describe no apartado B do Cadro de características, onde, ademais se especifican as necesidades a satisfacer mediante o contrato e os factores de toda orde a ter en conta polos posibles licitadores e adxudicatario.

O código da nomenclatura da clasificación nacional de produtos por actividades (CNPA-2008) correspondente ao obxecto do contrato así coma o código relativo á nomenclatura vocabulario común de contratos públicos (CPV) da Comisión Europea será o sinalado no cadro de características.

As necesidades administrativas a satisfacer mediante a inversión a realizar na execución da obra son as xustificadas na Memoria do proxecto de obras e no resto da documentación complementaria.

2.- ORZAMENTO DO CONTRATO.

O orzamento máximo do contrato virá determinado no apartado D do cadro de características.

Tratándose dunha execución de obra inmobiliaria, aparece contemplado no artigo 84. Un. 2º letra f), da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido como un dos supostos previstos na citada Lei para a inversión do suxeito pasivo do imposto.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

Dito prezo será satisfeito de acordo coas condicións establecidas no contrato tipo.

O contrato, redactarase baixo as condicións contempladas no Prego de Condicións Técnicas Particulares e no Cadro de Características

3.- CONDICIONS PARA SER ADMITIDO O PROCEDEMENTO.

Poderán presentar proposicións e estarán facultados para contratar con Xestur as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, que teñan capacidade de obrar, desenvolvan prestacións que estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios, non estean incurso en ningunha das prohibicións para contratar coas sociedades ou fundacións públicas, e acrediten a debida solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito éste último que será substituído pola consiguiente clasificación, cando ésta sexa exisíble, de conformidade co previsto no cadro de características.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no presente prego, e a súa presentación supón a aceptación incondicional do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva ningunha.

Documentación xeral referente as condicións para contratar:



- a) Documentos que acrediten a personalidade do empresario mediante a presentación, no seu caso, da escritura de constitución da empresa, se fora persoa xurídica, así como das modificacións de esta, debidamente inscritas no Rexistro Mercantil. Se non fose esixible a inscrición no Rexistro Mercantil, presentarase a escritura de constitución ou modificación e, no seu caso, os estatutos do acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscrita no seu caso no correspondente rexistro oficial.
- b) No caso de empresas individuais, copia compulsada do DNI.
- c) Cando dous ou mais empresas presenten oferta conxunta, cada unha delas acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e circunstancias das empresas que a subscriban, a participación de cada unha de elas e a designación dun representante ou apoderado único, que ostente a representación; non será necesario a formalización da unión de empresas ata que se efectúe a adxudicación o seu favor. Os empresarios quedarán obrigados, solidariamente, debendo nomear un apoderado ou representante único. A duración da unión temporal coincidirá coa do contrato, ata a súa extinción.
- d) Os que comparezan e asinen proposicións en nome de outros, deberán acreditar a súa representación por calquera medio válido en dereito, que deixe constancia fidedigna de dita representación. Ademais, en calquera caso, haberase de aportar copia compulsada do DNI da persoa que asine a proposición económica.
- e) Declaración responsable de non estar incurso, o licitador, en ningún dos supostos de prohibición de contratar con sociedades e fundacións públicas. En concreto non poderán concorrer o procedemento as persoas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no art. 60 do TRLCSP
- f) As empresas deberán acreditar, mediante a oportuna certificación, emitida polo seu órgano de administración ou dirección, que non forman parte dos órganos de goberno das mesmas ningunha persoa das que se indican na lei 9/1996 de 18 de outubro, sobre incompatibilidade dos membros da Xunta de Galicia e da Administración, nin da Lei 53/1984, sobre incompatibilidades de persoal o servicio das administracións públicas, e da Lei 5/1985 de Réxime electoral xeral. Dita prohibición alcanza a cónxuxes e persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas as que se refire este parágrafo, sempre que, respecto dos derradeiros, as persoas indicadas nas leis sinaladas, ostenten a súa representación legal
- g) Os contratistas non españois de países membros da Unión Europea ou os asinantes do acordo sobre espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes. Os contratistas de estados non membros da Unión Europea, nin asinantes do acordo sobre espazo económico europeo, acreditarán a súa capacidade mediante a presentación dun informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España no estado correspondente ou da Oficina Consular en cuio ámbito territorial radique o enderezo da empresa.
- h) **No caso de esixirse clasificación**, de conformidade co previsto no cadro de características, **deberá acreditarse aquela mediante** certificación da inscrición no Rexistro Oficial correspondente, expresiva da clasificación do contratista, xunto coa declaración da súa vixencia, que habilite para contratar obras ás que concurse. **Neste caso, o licitador quedará exonerado de acreditar a súa solvencia económica, financeira, sendo necesario acreditar os criterios de**



solvencia técnica ou profesional como concreción das condicións de solvencia segundo o artigo 64 do TRLCSP. Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, acreditarán a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos nos artigos 74, 75 e 76 do TRLCSP. A clasificación das agrupacións de empresas verificarase mediante acumulación. En todo caso, e ó abeiro do disposto no artigo 52 do RXLCAP, será requisito básico para a acumulación das citadas características que tódalas empresas que concorran na unión temporal á licitación do contrato obtiveran previamente clasificación como empresa en relación co contrato ó que opten, agás cando se trate de empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea, caso no que, para a valoración da súa solvencia concreta respecto da Unión Temporal, estarase ó disposto nos artigos 74, 75 e 76 do TRLCSP

i) No caso de non esixirse clasificación deberá acreditarse a solvencia económica e financeira, por un dos seguintes medios:

- **Volume anual de negocios,** por Importe Igual ou superior ao importe de licitación do contrato.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a tódolos órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflectido e, salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

A **solvencia técnica e profesional**, considerarase acreditada, se o licitador presenta a documentación esixida a continuación:

- Indicarase a persoa que a empresa se compromete a ter como **XEFE DE OBRA**, con capacidade suficiente para representala en todo momento, e con titulación académica e profesional apropiada para as obras a executar: Enxeñeiro ou arquitecto. Indicarase documentación acreditativa da relación contractual entre a empresa e o xefe de obra. O dito facultativo deberá acreditar ter dirixido ou ter sido xefe de obra, de dúas obras de construción semellantes, cuxo certificado final de obra fora emitido nos últimos 10 anos, cada unha delas por un importe igual ou superior ao orzamento base de licitación. A acreditación dos servizos antes indicados deberá incluír un certificado do promotor das obras ou da empresa construtora, indicando que os traballos foron realizados á perfecta satisfacción do promotor.

A titulación acreditarase axuntando ao modelo anexo copias compulsadas dos títulos orixinais, resgardos dos mesmos ou acreditación oficial de estar colexiado no colexio profesional correspondente.

A documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional deberá vir debidamente asinada polo representante da empresa e deberá acreditarse como concreción das condicións de solvencia, segundo o modelo Anexo II

- j) Se o licitador estivese inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma,** deberá aportar certificado de inscrición no mesmo e estarase o disposto no Decreto 262/2001, de 20 de setembro (DOG 16 outubro de 2001), polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratistas, aportando neste caso certificación actual da súa inscrición. Neste caso quedará exonerado de presentala documentación que conste no devandito Rexistro, acreditativa dos extremos relativos á capacidade para contratar,



cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e clasificación do contratista. Ós indicados efectos deberá facerse constar no exterior do sobre nº 1 que a empresa se atopa inscrita neste Rexistro, con indicación do seu nº de inscrición.

- k) **Declaración responsable** de que a empresa adxudicataria dispón da infraestrutura e medios adecuados para o desenvolvemento da actividade contratada, e exerce a dirección sobre o traballo desenvolvido polos traballadores na obra, de conformidade co disposto na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construcción, e que conta coa porcentaxe mínima de traballadores con contrato indefinido, a que se refire o art. 11 do R.D. 1109/2007, de 24 de agosto, polo que desenvolve a Lei 32/2006.
- l) O adxudicatario deberá acreditar a súa inscrición no **Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia** mediante a presentación da correspondente certificación, de acordo co disposto na Orde do 15 de maio de 2.008 pola que se crea o devandito Rexistro para intervir no proceso de contratación no sector da construción.

Non entanto, **ao tratarse dunha contratación documentalente simplificada**, de conformidade co disposto na Instrucción nº 28 das Instrucións Internas de Contratación de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., **a achega inicial da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos para contratar** prevista no artigo 146.1 do TRLCSP **substituirase por una declaración responsable do licitador na que se indique que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar segundo o modelo establecido no Anexo I.**

A Mesa de contratación comprobará a documentación administrativa requirida aos licitadores, sen prexuízo do dereito a efectualo en calquera outro momento previo ou posterior á adxudicación do contrato. Cualificará os documentos presentados en tempo e forma, podendo solicitar para iso os oportunos informes técnicos e xurídicos. Se a Mesa observase defectos materiais na documentación presentada, poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a 3 días hábiles para que o licitador os corrixa ou os enmende baixo apercibimento de exclusión definitiva se non se solucionan.

Examinada esta documentación, determinará se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos no presente prego.

Unións de empresarios

As unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto poderán, así mesmo, presentar proposicións, de conformidade co disposto no artigo 59 do TRLCSP.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 62 e seguintes e 74 e seguintes do TRLCSP e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP.

Consonte prescribese o artigo 24 do RXLCAP, para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte á Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na dita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de



constituírse en unión temporal de empresas, no caso de resultar adxudicatarios. Dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte á Administración.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Non será necesaria a formalización da unión temporal de empresas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

Clasificación en caso de U.T.E.

No suposto de agrupación de empresas, a clasificación verificarase mediante acumulación, nos termos regulamentarios procedentes, das características de cada un dos asociados expresadas nas súas respectivas clasificacións. En todo caso, ao abeiro do disposto no artigo 52 RXLCAP, será requisito básico para a acumulación das citadas características que todas as empresas que concorran na unión temporal á licitación do contrato obtivesen previamente clasificación como empresa de obras, agás cando se trate de empresas non españolas de estados membros da Unión Europea, caso no que, para a valoración da súa solvencia concreta respecto da unión temporal, estarase ao disposto nos artigos 75, 76 e 83 do TRLCSP e nos parágrafos anteriores.

4.- PRAZO DE EXECUCIÓN E GARANTÍAS.

4.1. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

O prazo máximo previsto para a execución das obras estará fixado no apartado J do cadro de características e terá, en todo caso, carácter de prazo máximo.

Os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do programa de traballo. No cadro de características poderanse especificar os prazos parciais que darán motivo ás recepcións parciais a que se refire o artigo 235.5 do TRLCSP.

Os anteditos prazos comezarán a contarse a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de comprobación do reformulo.

A devandita acta e os prazos parciais que poidan fixarse ao aprobar o programa de traballos, cos efectos que nesta aprobación se determinen, entenderanse integrantes do contrato, para os efectos da súa esixibilidade.

A posibilidade de prórroga do contrato rexerese polo disposto no TRLCSP e demais normativa de aplicación, en particular polo artigo 213.2 do TRLCSP. O contrato poderá así mesmo ser prorrogado por motivo dunha modificación ou con ocasión de calquera outra incidencia sobrevida que así o requira.

Serán rexeitadas todas as ofertas que superen o valor máximo do prazo de execución fixado.

4.2. GARANTÍAS

Do prezo fixado, dacordo coa proposta formulada, por quen resulte adxudicatario, establecerase a garantía definitiva fixada no apartado I do Cadro de Características. A garantía poderá presentarse nalgunhas das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

O prazo de garantía das obras será o ofertado polo licitador que resulte adxudicatario do contrato, cun mínimo de un ano e un máximo de 24 meses, polo que a duración total do prazo de garantía poderá acadar os 36 meses, segundo determina o apartado



J do cadro de características, computándose a partir da data de subscripción da acta de recepción destas.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras cos efectos sinalados nos artigos 235.3 do TRLCSP e 169 do RXLCAP.

Durante o prazo de garantía o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse e queda obrigado, en todo caso, á conservación e policía das obras segundo o previsto no prego de prescricións técnicas particulares e nas instrucións que dite o facultativo de Xestur.

Cando as obras non estean en estado de ser recibidas farase constar na acta de recepción e o director das obras sinalará os defectos observados e as instrucións impartidas para a súa corrección, fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo, o contratista non o fixera, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato, segundo establece o artigo 235.2 in fine do TRLCSP.

Si se descoidase a conservación e dera lugar a que perigue a obra executaranse por Xestur e a costa do contratista os traballos necesarios para evitar o dano, segundo dispón o artigo 167 do RXLCAP.

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán de conta do contratista, que non ten dereito a ningunha indemnización por este concepto, excepto nos casos de forza maior (artigo 167 do RXLCAP). Enténdese por forza maior os supostos previstos no artigo 231 do TRLCSP.

No suposto de que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, estarase ao establecido no artigo 235.6 do TRLCSP.

Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultasen responsabilidades se devolverá a garantía definitiva constituída.

5.- CONTIDO, PRESENTACION E APERTURA DAS OFERTAS.

As ofertas completas deberán presentarse **dentro do prazo de 20 días** dende a publicación da licitación no perfil do contratante da web de Xestur Galicia (www.xesturgalicia.com) e na plataforma de contratos públicos de galicia (www.contratosdegalicia.es) e **deberán rexistrarse, nas oficinas de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. sitas en Santiago de Compostela** (Área Central, Local 25-Z, 1º Andar, Polígono As Fontiñas, CP 15707)

Os licitadores non poderán presentar máis de unha oferta para os traballos obxecto de licitación.

Se na proposta económica se formulasen baixas sobre o orzamento, XESTUR, S.A., a efectos do análise das ofertas, repercutirá por igual en tódolos prezos unitarios e nas partidas alzadas incluídas no orzamento, a porcentaxe de baixa ofertada.

A súa presentación presupón a aceptación incondicionada por parte do licitador do contido da totalidade do prego de cláusulas administrativas particulares e do de prescricións técnicas.



As propostas presentaranse en **2 sobres pechados (SOBRE A e SOBRE B)** asinados polo participante ou persoa que o represente. No exterior de cada sobre deberán figurar os datos que se detallan nas cláusulas seguintes. No interior dos sobres deberá figurar unha relación dos documentos incluídos en cada un dos sobres.

Os sobres acompañaranse dun escrito de presentación, para rexistro de entrada en Xestur.

Non se admitirán ofertas por correo, podendo enviarse ao Rexistro de Xestur por medio de mensaxeiro dentro do prazo fixado para a presentación das propostas.

A presentación das proposicións presume a aceptación polo empresario das cláusulas deste Prego.

5.1) CONTIDO DOS SOBRES

Sobre A

No exterior do sobre, en forma ben visible e sen que sexa necesaria a súa apertura, consignarase o seguinte:

Sobre A. Documentación xeral

- Título do proxecto
- Referencia completa do expediente segundo consta no anuncio de licitación
- Licitador: Nome e CIF
- Número de teléfono
- Número de fax
- Enderezo de correo electrónico
- De ser o caso, o número de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas (Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia)
- Número de inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia
- Data e sinatura

Contido do Sobre A:

- Ao tratarse dunha **contratación documentalmente simplificada**, de conformidade co disposto na Instrución nº 28 das Instrucións Internas de Contratación de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., no momento da presentación da proposta bastará coa presentación dunha **declaración responsable do licitador** na que se indique que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (modelo **Anexo I**)
- Acreditación dos criterios de solvencia técnica ou profesional como concreción das condicións de solvencia segundo o artigo 64 do TRLCSP, dacordo co modelo **Anexo II** do Prego.



- **No caso de unións temporais de empresas (UTE), deberán achegar, ademáis un documento privado no que indiquen o nome e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.**

No escrito deberá designarse a persoa física que durante a tramitación do procedemento de contratación e ata a adxudicación do contrato ostentará a representación de todos eles fronte á Administración.

Se no Sobre A figurase documentación correspondente ao contido do Sobre B, o licitador será excluído do procedemento de adxudicación do contrato por vulnerar o carácter secreto das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 145.2 do TRLCSP.

Sobre B. Proposición económica e outros aspectos availables automáticamente mediante a aplicación de fórmulas

No exterior do sobre en forma ben visible, e sen que sea necesaria a súa apertura, consignarase o seguinte:

Sobre B. Proposición económica

- Título do proxecto
- Referencia completa do expediente segundo consta no anuncio de licitación
- Licitador: Nome e CIF
- Número de teléfono
- Número de fax
- Enderezo de correo electrónico
- De ser o caso, o número de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas (Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia)
- Data e sinatura

Contido:

A "proposición económica e outros aspectos availables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas" será formulada estritamente conforme ao modelo que figura no **Anexo III** ao presente prego.

A) PROPOSICIÓN ECONÓMICA

A proposición económica presentarse escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borrachos que impidan coñecer claramente o contido da oferta a xuízo de Xestur.

A oferta efectuarase pola totalidade da obra, incluíndo nela todo tipo de impostos, arbitrios ou taxas esixibles, así como os gastos derivados da obtención dos permisos ou autorizacións pertinentes para a execución da obra.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha proposición económica referida á totalidade das obras obxecto do contrato.



Non se admitirán as ofertas de contía superior ao Orzamento base de licitación que figura no cadro de características do contrato e no anuncio de licitación, de tal xeito que nin a cantidade, sen IVE, nin a partida correspondente ao IVE, nin o sumatorio de ambas, poderán exceder dos importes sinalados no cadro de características do contrato e anuncio referidos.

O empresario licitador, en unión temporal con outros empresarios, non poderá presentar simultaneamente unha proposición individual e outra coa dita unión temporal, nin figurar en máis dunha unión de empresarios participante na licitación. O incumprimento destas obrigas implicará a non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

En canto ao rexeitamento de proposicións estarase ao disposto no artigo 84 do RXLCAP.

Nas ofertas nas que exista contradición entre a cantidade expresada en número e letra, darase preferencia a cantidade expresada en letra, e de existir contradición entre a cantidade expresada e a porcentaxe de baixa, darase preferencia á cantidade expresada en número.

B) AMPLIACIÓN DA GARANTÍA

Valorarase de forma proporcional ao número de meses ofertado de ampliación, ata un máximo de 24 meses.

Carácter confidencial da documentación.

No caso de que o licitador considere que a súa proposición contén datos e documentos que son susceptibles de ser considerados confidenciais, poderá presentar, de acordo co artigo 140 do TRLCSP, unha declaración na que indique que datos e documentos son de carácter confidencial, xustificándoo adecuadamente, segundo o modelo establecido no Anexo I a este Prego.

Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector. De non achegarse esta declaración considerarase que ningún documento ou dato posúe devandito carácter.

Non se considerarán confidenciais os documentos que teñan o carácter de documentos de acceso público, entendéndose por tales os depositados en arquivos e rexistros oficiais e os publicados en boletíns oficiais de calquera ámbito. A declaración de confidencialidade non poderá afectar á totalidade da oferta.

No caso de que o órgano de contratación considere que os datos e documentos cualificados como confidenciais non teñen devandito carácter, poderá determinar cales teñen carácter confidencial, debendo motivalo no expediente.

5.2.- APERTURA.

Exame e cualificación da documentación incluída no sobre A.

A Mesa de Contratación examinará previamente a documentación administrativa (sobre A) correspondente aos licitadores. Se como resultado de tal exame a Mesa de contratación observase defectos ou omisións susceptibles de emenda na



documentación presentada, comunicarlle verbalmente ao interesado mediante comunicación telefónica ao número indicado polo ofertante no sobre A, procedéndose, así mesmo, á notificación por correo electrónico, fax ou telegrama ao número ou dirección igualmente indicados, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador corrixa ou emende os defectos ante a propia Mesa de Contratación, mediante escrito no que constará que vai dirixido á secretaría de dita Mesa, e presentado no Rexistro xeral de Xestur.

A Mesa, unha vez cualificada a documentación anterior e emendados, de ser o caso, os defectos ou omisións observados na documentación presentada, procederá a determinar cales son as empresas que se axustan aos criterios de selección previstos no presente Prego con pronunciamento expreso dos admitidos á licitación, dos rexeitados e as causas de tal rexeitamento.

Para os efectos previstos no artigo 82 do TRLCSP, o órgano e a Mesa de contratación poderán recabar do empresario aclaracións sobre certificados e documentos presentados ou requirilo para a presentación doutros complementarios.

Exame e avaliación do contido do sobre B.

Unha vez feito o trámite previsto no apartado anterior, a Mesa procederá, nun prazo non superior a 7 días a contar dende a apertura da documentación administrativa, en acto público no lugar, data e hora que se comunicarán mediante a súa publicación no perfil do contratante, á apertura do sobre B de "Proposición económica e outros aspectos avaliábeis automaticamente mediante a aplicación de fórmulas".

Comezará o acto coa lectura do anuncio do contrato e o reconto das proposicións presentadas, confrontándoas cos datos que figuran nos certificados estendidos pola oficina receptora, dándose coñecemento do número de proposicións e nome dos licitadores.

O Presidente manifestará o resultado da calificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas e das rexeitadas, indicando a causa do seu rexeitamento.

Antes da apertura da primeira proposición, invitarase aos licitadores a que manifesten as dúbidas que poidan ter ou soliciten as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións pertinentes, sen que nese momento poda facerse cargo de documentos que non foran entregados durante o prazo de admisión de ofertas ou no de emenda.

Da apertura dos sobres levantarase acta, asinada polos membros da Mesa de Contratación, na que se farán constar as ofertas presentadas, así como as incidencias que se produciran.

Se algunha proposición económica carecese de concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do valor estimado do contrato, variase substancialmente o modelo establecido ou comportase erro material manifesto no importe da proposición ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación estará formada por:

Presidente: Jorge Carballeira Fernández

1º Suplente: María Doporto Santos

2º Suplente: Ángel Rodríguez González

Secretaria: María Alonso Silva



Suplente: María Teresa López López
Vocal: Fernando López Bellón
Suplente: Antonio López López

5.3.- FACTORES A VALORAR

Criterios avaliables mediante fórmulas (ata 100 puntos)

Puntuación económica (P_E)

Ata 90 puntos

En función da proposición económica, as ofertas puntuaranse entre 0 e 90 puntos de acordo cos criterios que de seguido se indican:

$$P_E = 87 + 3 * \frac{B_i - (0,8 * B_e)}{0,2 * B_e} \quad \text{para } 0,80 * B_e < B_i \leq B_e$$

$$P_E = 82 + 5 * \frac{B_i - (0,55 * B_e)}{0,25 * B_e} \quad \text{para } 0,55 * B_e < B_i \leq 0,80 * B_e$$

$$P_E = 1 + 81 * \frac{B_i}{0,55 * B_e} \quad \text{para } 0 < B_i \leq 0,55 * B_e$$

Sendo:

P_E = Puntuación económica, ata 90 puntos

B_i = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre do orzamento base de licitación (IVE excluído).

B_e = Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas que quedan excluídas da clasificación de acordo co artigo 151 do TRLCSP

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados considerarase que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións cunha B_i que:

1.- exceda en $K * \sigma'$ ao valor da "baixa de referencia" B_r , no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre B, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa igual ou superior a cinco (5).

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + K * \sigma'$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_r = mínimo [B_m , B'_m]

B_m = Baixa media calculada

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$



B_i = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre do orzamento base de licitación (IVE excluído), de todas as proposicións admitidas trala apertura e comprobación da documentación, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

n = Número de ofertas admitidas trala apertura e comprobación da documentación, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

$$\sigma = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

σ = desviación típica calculada

B'_m = media aritmética das baixas das ofertas que cumpran a condición seguinte

$$(B_m - \sigma) \leq B_i \leq (B_m + \sigma)$$

σ' = desviación típica das baixas das ofertas que cumpren a anterior condición sinalada para o cálculo de B'_m

K = factor de temeridade, definido por un número enteiro positivo que se fixa no apartado N do cadro de características que acompaña a este prego.

2.- Exceda en tres (3) ou máis unidades ó valor da "baixa de referencia" B_r , no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas trala apertura e comprobación da documentación, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa inferior a cinco (5)

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 3$ si $n < 5$

Para calcular a baixa de referencia seguirase as instrucións especificadas no punto anterior.

Aos efectos de establecer esta media terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, conforme ao establecido nos parágrafos anteriores, deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que reciba a comunicación que se realizará por fax ou correo electrónico, presente e xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación; a orixinalidade das prestacións propostas; o respecto das disposicións relativas á protección de emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación ou a posible obtención dunha axuda de Estado, tal e como se recolle no artigo 152 do TRLCSP.

Analizada a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos correspondentes que fose necesario solicitar, a oferta quedará excluída e non será obxecto de clasificación se se estima que esta non pode ser cumprida como



consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Así mesmo resultará excluído da citada clasificación se o licitador non contestase ao requirimento da información xustificativa solicitada.

Ampliación da garantía

Ata 10 puntos

Valorarase de forma proporcional ao número de meses ofertado de ampliación, ata un máximo de 24 meses. A ampliación que represente 24 meses sobre o prazo de garantía inicial obterá 3 puntos. O resto das ofertas valoraranse de acordo coas seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = \text{AG}_{T-24} \times 3/24$$

Sendo "AG" o prazo en meses de ampliación da garantía ata un máximo de 24 meses sobre a anual.

5.4.- VALORACIÓN

A puntuación final obtida por cada licitador será a suma das puntuacións obtidas.

Criterios de desempate

Si se presentan dúas ou máis proposicións iguais que resulten ser as máis vantaxosas, ao abeiro da disposición adicional cuarta, parágrafo primeiro do TRLCSP, prevalecerán aquelas que cumpran, á finalización do prazo de presentación de ofertas, os requisitos de preferencia, e por a orde establecida, que se sinalan a continuación:

En primeiro lugar:

A empresa que conte na seu cadro de persoal cunha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento:

1. A empresa dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social.
2. Se varias empresas licitadoras das que tiveran empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por cento, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

En segundo lugar:

1. En primeira instancia, e de conformidade ao establecido no artigo 28.1 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego (DOG nº 35, de 19 de febreiro), a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade da dereito a unha preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma.

Se a empresa fixese uso desta preferencia, estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación que, se o contrato resultase de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal.

2. En segunda instancia, e segundo o recollido no artigo 11.4 da Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG nº 72, do 13



de abril), as empresas que implantasen un plan de igualdade terán preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia sempre e cando as proposicións presentadas igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación.

As empresas deben acreditar a implantación do plan de igualdade. En virtude do establecido no artigo 11.1 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, a acreditación da implantación do plan de igualdade nas empresas, realizarase mediante certificación expedida pola persoa titular da secretaría xeral do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, logo da solicitude da empresa interesada.

A mesa de contratación poderá solicitar tanta información estime pertinente aos licitadores para comprobar os datos declarados no Anexo I.

Clasificación das proposicións.

A Mesa de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para facer dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes, segundo dispón o artigo 151.1 do TRLCSP.

Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa de contratación remitirá ao órgano de contratación, a correspondente proposta de adxudicación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte a Xestur. Porén, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

En atención ao establecido no artigo 23.3 da lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os órganos de contratación notificarán á Comisión Galega da Competencia calquera feito, do que teñan coñecemento no exercicio das súas funcións, que poida constituír infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicarán calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación.

Proposta de adxudicación

A mesa de contratación valorará as proposicións dos licitadores, de acordo cos criterios anteriores. Para este efecto, poderá pedir os informes técnicos que considere precisos. Levantarase acta do resultado da valoración e farase a proposta ao órgano de contratación de Xestur S.A. a favor do licitador que presentara a oferta que resulte economicamente máis vantaxosa. Se se apreciaren defectos materiais, susceptibles de emenda, poderá notificarse ó interesado concedéndolle un prazo para a súa corrección, con carácter previo a adxudicación.

A mesa de contratación cualificará a documentación acreditativa das condicións esixidas para contratar con Xestur S.A. Esta documentación deberá achegala o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, no prazo de 10 días hábiles nos termos previstos no artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse axeitadamente esta



obriga, entenderase que o licitador retirou a oferta, e procederase nese caso a recadar a documentación do licitador seguinte segundo a orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

6.- ADXUDICACION E CONTRATACION

6.1.- ADXUDICACION

A adxudicación do procedemento efectuarase polo Órgano de Contratación de Xestur S.A. a favor da oferta que, no seu conxunto, resulte máis vantaxosa, unha vez efectuada a valoración pola Mesa de Contratación.

A adxudicación será comunicada aos que resulten seleccionados.

Cando non proceda a adxudicación do contrato ó licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa, por non presentar en prazo a documentación a que se refire a cláusula anterior ou por outra causa debidamente xustificada, antes de proceder a una nova convocatoria o órgano de contratación poderá efectuar unha nova/s adxudicación/s ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, polo orde no que quedaran clasificadas ás súas ofertas, sempre que iso fora posible e que o novo licitador/es que presentara a oferta económica máis vantaxosa prestara a sua conformidade, nese caso concederá a este o mesmo prazo para cumprimentalo sinalado no parágrafo anterior. A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos licitadores e publicarase no perfil do contratante. Dita adxudicación deberá expresarse nos termos expostos no art. 151 do TRLCSP.

O procedemento, poderá declararse deserto, só no caso de que tódalas ofertas presentadas foran desestimadas. No caso de que o procedemento se declare deserto, enténdese que as ofertas mantéñense para un proceso de adxudicación directa.

A adxudicación, enténdese sempre condicionada o cumprimento de tódolos requisitos previos a formalización do contrato.

6.2.- TRAMITES DA ADXUDICACION E CONTRATACION.

Comunicada a adxudicación ao licitante que resulte adxudicatario, procederase á formalización do contrato.

Con carácter previo á formalización do contrato, requirirase ao adxudicatario para que no prazo de **10 días hábiles** presente a documentación que debe incluírse no sobre 1, para o caso de que só tivera presentado a declaración responsable. Ademais, deberá presentar no mesmo prazo a seguinte documentación:

1. Certificación acreditativa de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, así como de non ter débedas coa Comunidade Autónoma, expedida pola Consellería de Facenda, así como de encontrarse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, agás no caso en que acreditase a súa clasificación ou a inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma.
2. Póliza de seguro en vigor, que cubra calquera responsabilidade civil do contratista derivada da realización da obra, e cuxa cobertura se estime suficiente polo órgano de contratación.

Ademais antes de formalizar o contrato, o adxudicatario, deberá presentar, se non o fixera así, con anterioridade:



1. Orixinal ou copia debidamente autenticada do poder notarial e DNI da persoa facultada para a sinatura do contrato.
2. Xustificante do pago dos anuncios publicados, se procedera.
3. Se se tratara de empresas agrupadas, deben acreditar ademais a constitución da agrupación e CIF desta.
4. Garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato

O contrato poderá formalizarse en escritura pública se o solicita o contratista, sendo o seu cargo os gastos derivados de dito outorgamento.

O prego de condicións técnicas terá carácter contractual e formará parte do contrato.

7.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

Pagos ó contratista:

O contratista terá dereito o pago da prestación establecida, nos termos do contrato.

Obrigas do contratista:

Laborais e sociais:

Está obrigado o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e prevención de riscos laborais.

Outras obrigas:

Estará obrigado a realizar a prestación pactada, de conformidade co previsto no contrato tipo, que forma parte integrante do presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e cumprindo as disposicións civís, mercantís e administrativas de carácter xeral ou sectorial que lle sexan aplicables.

Cumprimento de prazos e penalidades:

O contratista está obrigado a realizar a prestación pactada, nos prazos totais e parciais a que se tivo comprometido. No caso de que se excedese no prazo pactado estarase o réxime de penalidades fixado no contrato.

Modificación do contrato

O contrato poderá modificarse nos casos previstos no artigo 107 do TRLCSP e cos límites que se establecen no mesmo. Nestes casos as modificacións acordadas polo Órgano de Contratación serán obrigatorias para o contratista.

A modificación do contrato acordada conforme ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria, tendo en conta que, en ningún caso o conxunto das modificacións sucesivas non poderá superar o límite do 10% do prezo de adxudicación do contrato.

En caso de supresión ou redución de algunhas partidas ou unidades da obra contratada, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha.

En ningún caso se poderá introducir ou executar modificacións no obxecto do contrato sen a previa aprobación por escrito de Xestur S.A..

Gastos esixibles ao contratista:



Son por conta do contratista:

1. Os gastos de publicación de anuncios de licitación e adxudicación, os da formalización do contrato, así como todos os impostos, taxas e prezos públicos, contribucións, que pesen sobre o contrato e, se é o caso, sobre o obxecto do contrato, e os derivados da prestación dos traballos facultativos da comprobación do reformulo, dirección, inspección, execución e liquidación e calquera outros que resultasen de aplicación de conformidade coas disposicións vixentes e na forma e contía que estas determinen.
2. Os gastos que se requiren para a obtención de documentos, ou calquera clase de información de organismos oficiais ou particulares, así como para a obtención de permisos necesarios para a execución da obra. Os correspondentes as probas, ensaios, materiais, prospeccións e, en xeral, de cantos traballos ou informes sexan necesarios para o cumprimento dos fins do estudo ou traballo, e a comprobación do mesmo.
3. Os gastos de acometida de auga e saneamento, no suposto de que fosen precisos, así como os gastos de alta de auga de obra (terá a obriga de solicitar ALTA de auga ó Concello e a BAIXA cando remate a obra)
4. E, en resume, calquera outros necesarios para a recepción da obra.

Así mesmo responderá, o ADXUDICATARIO, dos danos o perxuizos que puideran causarse a terceiros, con motivo da realización dos traballos necesarios para a confección do estudo o traballo obxecto de este procedemento. Ningunha responsabilidade poderá derivarse cara a XESTUR S.A.

Seguro de responsabilidade civil

O adxudicatario deberá presentar, antes da formalización do contrato, póliza de seguro de responsabilidade civil, en vigor, que cubra os riscos derivados das obras obxecto do contrato, por unha cantidade igual ou superior á do importe de licitación do contrato A adxudicación quedará condicionada ó cumprimento deste requisito con carácter previo á formalización do contrato.

Cumprimento da normativa de subcontratación

O adxudicatario deberá presentar antes da formalización do contrato, a documentación esixida pola normativa vixente en materia de subcontratación no Sector da Construcción, de conformidade co establecido na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontración no Sector da Construcción, ou normativa que a desenvolva.

Impostos:

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores, como nas propostas de adxudicación enténdense comprendidos a todo-los efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos.

Revisión de prezos:

O contrato non estará suxeito á revisión de prezos.

8.- RISCO E VENTURA



O contrato executarase a risco e ventura do contratista excepto nos casos de forza maior.

9.- SUSPENSION DOS TRABALLOS

Se XESTUR, S. A., acordara a suspensión dos traballos procederá a levantar un acta na que se contarán as circunstancias que motivaron dita suspensión e a situación, de feito, na execución do contrato. Aboaranse, neste caso, o contratista, os danos e perxuízos efectivamente sufridos, si a causa da suspensión fose imputable a XESTUR, S.A.

10.- CONTRATO

O contrato a subscribir entre o ADXUDICATARIO e XESTUR, S. A., corresponderá o contrato tipo establecido no **ANEXO V**, cuxo contido considerárase parte integrante do presente Prego de Condicións.

11.- CONCLUSION DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido, polo contratista, cando este quedara realizado conforme os termos pactados, a satisfacción de XESTUR, S. A.

Recepción:

XESTUR, S. A., determinará se a prestación realizada axústase as prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a subsanación dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Se os traballos non se adecúan a prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ó contratista, XESTUR, S. A., poderá rexeitar os mesmos, quedando exento das obrigas de pago e, no seu caso, a recuperación do prezo satisfeito.

Devolución e cancelación de garantías:

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultaran responsabilidades que deban exercitarse sobre as garantías, procederá a devolver a garantía definitiva polo importe do 5% do prezo de adxudicación, unha vez transcorrido o prazo fixado no Cadro de Características

12.- CONDICIÓN PARTICULAR

O adxudicatario estará obrigado a coordinar a execución desta fase de obras coa execución das restantes fases que poidan estar executándose ou se inicien no Parque de Actividades Económicas de Arteixo.

Esta circunstancia ponse en coñecemento dos licitadores para que a teñan en conta na presentación das súas ofertas, non podendo dar lugar a reclamación algunha a Xestur por este motivo.



- Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.

- Que nin o asinante da declaración nin ningúns dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire ou parágrafo anterior (sempre que, respecto a estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).

-Que a persoa que declara/a entidade á que represento está inscrita non Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

- *Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado*
- *Rexistro Xeneral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº de inscrición_____)*

- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
- Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
 - a)
 - b),

- Que a empresa á que represento dispón da infraestrutura e medios adecuados para o desenvolvemento da actividade contratada, e exerce a dirección sobre o traballo desenvolvido polos traballadores na obra, de conformidade co disposto na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción, e que conta coa porcentaxe mínima de traballadores con contrato indefinido, a que se refire o art. 11 do R.D. 1109/2007, de 24 de agosto, polo que desenvolve a Lei 32/2006.

- Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do RXLCAP e 152 do TRLCSP, a entidade á que represento comprométese a achegar ou, se é ou caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto.

2. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS.

De conformidade cos artigos 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se



fomenta a utilización de medios electrónicos e 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común, autorizo ao órgano contratante a consultar os datos que de seguido se relacionan: **(sinalar expresamente poñendo unha cruz ante o servizo autorizado)**

- Consulta datos de identidade de persoas físicas
- Corrente de pagamento coa Seguridade Social
- Alta na Seguridade Social
- Estar ao corrente de pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas Administracións Públicas
- Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal
- Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes
- Verificación de títulos oficiais universitarios
- Verificación de títulos oficiais non universitarios
- Consulta de datos sobre Imposto de Actividades Económicas de Navarra

3. CORREO ELECTRÓNICO A EFECTO DE NOTIFICACIÓNS

COMPROMETOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

4. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao abeiro do disposto no artigo 140.1 do TRLCSP declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

- Sobre A:.....
- Sobre B:.....

5. CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA

MANIFESTO coñecer o contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado por Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG nº 179, do 19 de setembro).

6. DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE

- Non achego documentación de desempate
- Comprométome a achegar a seguinte documentación de desempate:
 - a)
 - b)

Lugar, data e sinatura



ANEXO II: MODELO ACREDITACION DA SOLVENCIA TÉCNICA

Don/dona....., con enderezo para os efectos de notificacións na provincia de....., rúa núm., e DNI núm., en nome e representación da entidade....., DECLARO que a experiencia requirida para acreditar a solvencia técnica ou profesional e que se adscribirán á execución do contrato é a que se menciona no seguinte cadro:

Titulación académica e profesional do xefe de obra		
Nome e apelidos	Titulación (denominación e ano de expedición)	Observacións

Relación de obras dirixidas polo xefe de obra no curso dos últimos dez anos, acompañada de certificados de boa execución				
Denominación e obxecto do contrato	Orzamento	Data do Certificado Final de Obra (día/mes/ano)	Empresamento	Promotor

Lugar, data e sinatura



ANEXO III: MODELO PROPOSICION ECONÓMICA

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E OUTROS ASPECTOS AVAILABLES MEDIANTE FÓRMULAS

Don/dona, con domicilio en provincia de, rúa número e DNI número en nome (propio), (ou da empresa que representa) con CIF enterado/a do anuncio publicado na plataforma de contratos de Galicia e no perfil do contratante de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. do día de de e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación polo procedemento aberto das obras do proxecto comprométese a tomar ao seu cargo a execución destas, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións, pola cantidade que se enumera de seguido, segundo a solución seguinte:

PROPOSICIÓN ECONÓMICA		
	CANTIDADE EN LETRA	CANTIDADE EN NÚMERO
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	Sen IVE	Sen IVE
PORCENTAXE DE BAIXA (.....%)		
PREZO OFERTADO	Sen IVE	Sen IVE
AMPLIACIÓN DA GARANTÍA	meses

Lugar, data e sinatura



ANEXO IV: MODELO CONTRATO

En, a de do.....

REUNIDOS

Dunha parte D.D.N.I. nº

De outra parte D. con D.N.I. nº

INTERVEÑEN

O primeiro, en nome e representación....., con domicilio en,, na súa función de, con C.I.F., constituída segundo escritura pública outorgada ante o Notario D., en (.....), con data, núm., inscrita no Rexistro Mercantil de, o Tomo, Folio, Folla, e escritura de elevación o público, acordos sociais de adaptación de estatutos, cese e nomeamento de administradores outorgada ante o Notario de,, o, baixo o núm.de protocolo.

O segundo, en nome e representación de "XESTION DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A." constituída por fusión e extinción das entidades de carácter provincial Xestión Urbanística de A Coruña, S.A., Xestión Urbanística de Lugo, S.A., Xestión Urbanística de Ourense, S.A. e Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A., en escritura autorizada polo Notario de Santiago de Compostela Don Héctor Ramiro Pardo García o día 23 de Decembro de 2013, co número 1.814 e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela ó Tomo 218, Folio 73, Folla SC-47082, Inscripción 1ª. Ten o seu domicilio social en Santiago, Área Central, local 25-Z, 1º (Polígono de Fontiñas), e C.I.F. A-70392758. Na devandita escritura transmitíronse en bloque os respectivos patrimonios sociais das entidades fusionadas.

Capacidade:

Ámbalas partes manifestan ter plena capacidade para contratar e obrar acreditándoo mediante a escritura pública de constitución ou, no seu caso, modificación debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

Solvencia:

A empresa adjudicataria das obras acreditou a súa solvencia económica, financeira e técnica con arranxo ás bases do procedemento.

Prohibicións:

A empresa adjudicataria declara non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar, así como os seus administradores e representantes.

ANTECEDENTES



I.- Que XESTUR, S. A., tramitou mediante o procedemento xeral, a licitación para a adxudicación da Obra..... , e que o adxudicatario presentou oferta para a realización das mesmas.

II.- Presentadas as ofertas e comprobada a documentación, procedeuse a apertura dos sobres das diferentes propostas, que foron valoradas con amaño ó Prego de Condicións do procedemento convocado e, finalmente foron adxudicadas polo órgano de contratación de XESTUR, S.A.

III.- Que as citadas obras realizaranse de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e nas Prescricións Técnicas e/ou Proxecto das obras.

IV.- Que as citadas obras realizaranse sobre a parcela delimitada no proxecto.

V.- Que o CONTRATISTA coñeceu con anterioridade as condicións para asumir a realización das obras, habendo examinado o Proxecto, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e demais documentación incorporada o mesmo, a cal considera correcta e suficiente para levar a bo termo a execución total das mesmas.

VI.- Que, Xerente de XESTUR, S.A., na representación que ostenta, pode asinar todos e cada un dos documentos derivados deste Contrato, así como resolver calquera dúbida na interpretación do mesmo en relación coas obras adxudicadas, en virtude do acordo do Consello de Administración de data

Na súa virtude, ámbalas partes, formalizan o presente CONTRATO DE OBRA a tenor das seguintes:

CLÁUSULAS

1. OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO

1.1. Obxecto do Contrato.

XESTUR, S.A. encarga o CONTRATISTA e este acepta, executar a realización das obras de consistentes en:

OBRA..... descrita no seguinte proxecto:

- "*Proxecto* " redactado en data polo enxeñeiro de C.C. e Portos D.

Ditas obras van a ser dirixidas polo seguinte técnico: Director de obra:
.....

1.2 Prezo e Prazo

O prezo total do contrato e de€ , (orçamento de adxudicación –) que representa una baixa do orçamento de licitación do% , realizándose a obra con arranxo o principio de resgo e ventura, sendo o seu prazo de execución, **de ... meses**



1.3 Normativa

En todo o non previsto neste contrato estarase a normativa civil, mercantil ou administrativa que resulte de aplicación.

1.4. Documentación complementaria.

Toda a documentación seguinte considerarase complementaria deste Contrato, do que pasarán a formar parte integrante.

- Proxecto/s, (Memoria, Planos, Orzamentos, Prego de Condicións, Medicións) Anexo/s e Modificados posteriores.
- Plan de Seguridade e Saúde , aprobado pola Dirección Facultativa.
- Planning de obra pormenorizado e aprobado pola Dirección Facultativa.
- Acta de comprobación do reformulo e viabilidade.
- Pólizas de seguros da construción e a terceiros.
- Ficha do libro de subcontratación debidamente cumprimentada, conforme ó modelo que figura no Anexo da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción e demais documentación esixida pola devandita Lei.
- Certificación acreditativa da inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia.

1.5. Subcontratación.

1.- O CONTRATISTA poderá subcontratar parcialmente as obras previo coñecemento e autorización de XESTUR, S.A., ata unha porcentaxe que non exceda do 60% do importe da adxudicación. En todo caso o adxudicatario deberá comunicar anticipadamente a XESTUR, S.A. a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade dos subcontratistas e xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia ós elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia. No caso de que o subcontratista tivera a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto de subcontratación, a comunicación desta circunstancia eximirá ó contratista da necesidade de xustificar a aptitude de aquel. Responderá dos subcontratistas ante a Dirección Facultativa e XESTUR, S.A., en todo o que alcance a súa participación na obra e, en particular, no que se refire a situacións laborais e de seguridade e hixiene no traballo. A subcontratación non libera ó CONTRATISTA da súa plena responsabilidade ante XESTUR, S.A..

Os subcontratistas quedarán só obrigados ante o contratista principal que asumirá, polo tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte a XESTUR, S.A., co arranxo estrito ó prego de cláusulas administrativas particulares e ós termos do contrato.

2.- En canto os subcontratistas instaladores, o CONTRATISTA dará conta á Dirección Facultativa e a XESTUR, S.A. coa suficiente antelación da empresa instaladora que se propón contratar.

En calquera caso XESTUR, S. A. poderá recusar subcontratistas por causas debidamente xustificadas.

3.- A fin de evitar problemas na obra por situacións de insolvencia, XESTUR, S.A. poderá en calquera momento esixir o CONTRATISTA que xustifique encontrarse o corrente das súas obrigacións de pago a subcontratistas e provedores da obra, tanto polo realizado nela como polos materiais incorporados a mesma.



4.- En todo caso, o CONTRATISTA obrigase a cumprir as obrigas que en materia de SUBCONTRATACIÓN establece a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción, e demais normativa que a desenvolva, e deberá presentar a XESTUR, S.A., a documentación esixida pola precitada normativa, sen que poida ser autorizado a subcontratar sen o cumprimento deste requisito.

5.- En ningún caso poderá concertarse polo contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 60 do TRLCSP.

2.- O PROXECTO

2.1. Viabilidade.

O CONTRATISTA procederá a comprobación do reformulo, declarando ter visitado o emprazamento e a zona de obras para coñecer a fondo os lugares inmediatos e adxacentes, así como as peculiaridades e características do terreo en que se desenvolverán os traballos. A sinatura da acta de comprobación terá lugar antes de establecer o plan de obra pormenorizado, reflexando na acta calquera incidencia que poida afectar o inicio das obras. En base a de todo elo, o CONTRATISTA acepta a responsabilidade da execución das obras no prazo contido neste contrato.

2.2. Realización.

O CONTRATISTA levará a cabo a total realización da obra con arranxo ao proxecto, prescricións técnicas do prego e conforme ás instrucións que reciba da Dirección Facultativa, debendo entregala a plena satisfacción de XESTUR, S.A. O contratista deberá dar proceder ao inicio ao día seguinte á sinatura da acta de comprobación de reformulo.

Corresponde a Dirección Facultativa, vulgar se a mesma foi correctamente executada, probado o seu bo funcionamento e cumpridas as condicións esixidas polo Control de Calidade para as distintas partidas que comprenden as obras.

Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.

2.3 Suficiencia do proxecto.

O CONTRATISTA, ó formular a súa oferta, virá obrigado a verificar o contido do Proxecto e os demais documentos que acompañan o mesmo. O proxecto, presuponse que é completo e recolle todas as partidas e unidades necesarias para executar total e correctamente as obras conforme ás boas prácticas da construción. Considéranse reciprocamente complementarias de este, os Planos, Medicións, Prezos Unitarios, así como calquera outra normativa de obrigado cumprimento, de tal forma que calquera traballo que apareza ou se deduza dos planos aínda que non apareza reflectido expresamente noutros documentos, ou viceversa, será realizado coma se aparecese en toda a documentación que integra o proxecto.

O desglose de partidas do orzamento enténdese que inclúe todos os traballos a realizar para a execución. Cando dentro dalgunha partida non estivesen detalladas todas as actividades necesarias para a súa completa e correcta realización, presupóñense igualmente contempladas e consecuentemente, incluídas no prezo da oferta.

Non obstante o contratista se o estima oportuno poderá solicitar por escrito no momento da formalización do contrato cantas aclaracións considere necesarias en relación coa execución dos proxectos, de non o facer así entenderase que acepta o seu contido.



2.4 Modificacións ou reformas do proxecto.

1. Por ningún motivo ou pretexto poderá o CONTRATISTA efectuar modificacións dos Proxectos sen conformidade de XESTUR, S.A., e sempre, previo informe da Dirección Facultativa.

Non se consideran modificacións dos proxectos as fundadas interpretacións do mesmo que xurdan do normal exercicio das atribucións que ten a Dirección Facultativa das obras, nin os excesos ou defectos de medición resultantes da propia execución dos Proxectos. Non entanto, se por decisión de XESTUR, S.A., se introducen reformas nas obras que pola súa entidade non signifiquen unha modificación substancial das unidades dos Proxectos, o CONTRATISTA obrígase a executalas valorando estas unidades baseándose nos prezos contidos na oferta.

Cando se executen unidades de obra non consideradas nos Proxectos, os valores destas unidades, logo de proposta de Dirección Facultativa e informe do CONTRATISTA, fixaranse por XESTUR, S.A.. Non se admitirán aumentos no orzamento por execución de unidades non contempladas ou erros de medición nos proxectos, se estes non foron comunicados polo contratista e a dirección de obra a XESTUR, S.A., no momento en que se aprecien as devanditas unidades non contempladas ou erros.

2. En todo caso, calquera modificación ou variante será comunicada pola Dirección Facultativa ao CONTRATISTA a través do Libro de Ordes, dando coñecemento a XESTUR, S.A. cando as mesmas teñan transcendencia económica.

Os acordos e ordes que supoñan un incremento no Orzamento de Adxudicación quedarán supeditadas á aprobación definitiva de XESTUR, S.A., na súa calidade de titular da obra.

3.- En todo caso, o contrato só poderá modificarse nos casos expresamente previstos no artigo 107 do TRLCSP e cos límites que se establecen no mesmo. Nestes casos as modificacións acordadas polo Órgano de Contratación serán obrigatorias para o contratista.

A modificación do contrato acordada conforme ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria, tendo en conta que, **en ningún caso o conxunto das modificacións sucesivas non poderá superar o límite do 10% do prezo de adxudicación do contrato.**

